



Contrato de subministración Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I22W	Expediente CON/71/2018	Data Creación: 27-11-18 12:29

### **ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministración dun vehículo tipo furgoneta para o departamento da UMAD do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.900,83 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto simplificado.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de novembro de 2018, ás 9.10 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidenta:** D<sup>a</sup> Concepción Fernández Fernández.

**Vogais:** D<sup>a</sup> Teresa Furelos, xefa de servizo de Servizos Sociais.  
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.  
D<sup>a</sup> Luisa Prego de Oliver López, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	19/11/2018	51.366	B15380322 GONZACAR SL

*\*Proposición recibida por correo*

Levase a cabo á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas do único licitador presentado, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	GONZACAR SL	21.572,27

Seguidamente a mesa de contratación comproba que o licitador non aporta a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, polo que acorda concederlle un prazo de tres días para subsanar esta deficiencia.

Unha vez cumprimentado este trámite, darase traslado da documentación técnica aportada ao xefe do parque móbil municipal, que verificará o seu axuste aos requirimentos do prego técnico de aplicación.

Ás 9.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

Contrato de subministración Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I22W	Expediente CON/71/2018	Data Creación: 27-11-18 12:29

### **ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministración dun vehículo tipo furgoneta para o departamento da UMAD do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 21.900,83 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto simplificado.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 4 de decembro de 2018, ás 9:15 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. Concepción Fernández Fernández.

**Vogais:** Dna. Teresa Furelos, xefa de servizo de Servizos Sociais.  
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.  
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Verificado que a única empresa licitadora emendou a falta de aportación da declaración responsable, procédese ao exame do informe de comprobación dos requirimentos do prego técnico, do que realiza unha breve exposición o técnico redactor, D. José Rey Camino, xefe do Parque Móbil municipal.

Do contido do mesmo, resulta que o vehículo ofertado non se axusta aos condicionantes técnicos prefixados, sobrepasando a anchura máxima esixida, polo que a mesa acorda rexeitar a súa oferta e, en consecuencia, deixar deserta esta licitación.

Ante esta circunstancia, a concelleira delegada e presidenta da mesa quere deixar constancia na acta da súa sorpresa e preocupación polo inexplicable de condicionar a licitación dunha furgoneta destinada ao transporte de persoas a un requisito tecnicamente non razoado como é o de limitala cunha anchura máxima, esixencia que non ten ningún tipo de xustificación técnica, dado que se trata de furgonetas homologadas e habitualmente utilizadas para o transporte de persoas.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA



O SECRETARIO DA MESA